

**CIG****Boletín  
Sindical**

Nº 80 - 2024

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

# Asembleas e mobilizacións contra os novos ataques á clase traballadora

A CIG acordou convocar asembleas de delegadas/os e mobilizacións en todas as comarcas o 3 de outubro. A clase traballadora galega enfrenta novos recortes de dereitos, aos que a CIG, como sindicato maioritario ten que responder.

O goberno do PP, de novo á fronte da Xunta, lánzase desatado a repenicar políticas ditadas desde Madrid, máis preocupado pola lei de amnistía que por deseñar medidas que melloren a vida das galegas/os.

Co arrinque do curso escolar o Goberno de Rueda apóiase de novo na propaganda, negándose a recuperar o horario lectivo. A redución a só 23 horas en Primaria implica renunciar á demanda do profesorado e faltar a un compromiso que, até outubro de 2023, era unánime e que a minoría sindical –CCOO, ANPE e UGT– traizoo.

Lonxe de resolver a grave problemática da sanidade pública, mantén as súas políticas privatizadoras, mentres a Atención Primaria esmorece a consecuencia de anos de recortes orzamentarios, con listas de agarda de días, co seu persoal desbordado e cun total abandono da atención á saúde mental.

No plano industrial, onde ten as competencias, non asume ningunha responsabilidade, abandonando á súa sorte o sector, cun modelo industrial de enclave, colonial e depredador, como no caso de Altri, e sen articular medidas para dar solución á crítica situación da automoción, máis alá de o seguir alimentando con subvencións públicas.

Un modelo no que conta coa conivencia do Goberno español para o desmantelamento da industria nas comarcas do norte do país, so pretexto dunha transición enerxética que, máis que



transición é demolición, e que se repite no caso do sector eólico, onde favorece os abusos das corporacións enerxéticas.

É o sector industrial onde máis se evidencian as políticas espoliadoras e antidemocráticas do PP que pretende facilitar, aínda máis, a explotación dos nosos recursos coa Lei de Beneficios Económicos e Sociais, en trámite parlamentario.

## Aferrados ao diálogo social

A nivel de Estado o Goberno aférrase ao diálogo social para presentar como éxitos novos recortes de dereitos pactados cunha patronal botada ao monte e que fai evidente seguidismo do Partido Popular.

Así, presentou o pasado 31 de xullo unha reforma das pensións que, pola información publicada, dificulta o acceso á xubilación parcial e non resolve as reivindicacións de colectivos laborais que padecen condicións de especial penosidade, perigosidade ou toxicidade, e que foi avalada polos sindicatos españois e a patronal.

Esta modificación, da que aínda non se publicou texto normativo nin-

gún, máis alá da declaración pública, afecta directamente ao dereito a unha xubilación digna, porque todo o que non signifique recuperar a xubilación parcial aos 61 anos, en todas as actividades, constitúe un prexuízo para os dereitos que a clase traballadora xa tiña recoñecidos e que lle foron roubados nas diferentes reformas das pensións encadeadas desde o ano 2011.

Está no aire tamén o debate da redución da xornada laboral, da que se vén de anunciar que o Goberno español pretende untar a pequena empresa para que acepte a súa redución, diluíndose a reivindicación das 35 horas, que é onde tiña que estar realmente o obxectivo, tal e como levou a CIG nas mocións aos concellos na campaña Stop Precariedade.

A carón destas cuestións está tamén a implantación do modelo de Formación Profesional dual e como impactará no mercado laboral, porque todo indica que vai favorecer a explotación desa mocidade que vai entrar nos centros de traballo como man de obra barata.

# O persoal de Maitours (Grupo Alsa) leva dous meses en folga en demanda dos seus dereitos

O persoal de Maitours (empresa do Grupo Alsa que xunto con Intercar forma a UTE que presta o servizo de transporte en autobús de Ferrol e comarca) está en folga indefinida dende o 15 de xullo para reclamar que se lle aplique o convenio provincial do sector e se respecten os seus dereitos laborais.

A estes 40 traballadores e traballadoras, Alsa estalles aplicando o convenio da extinta Tranvías de Ferrol, que era a anterior concesionaria de parte do servizo. Isto supón unha mingua nos seus dereitos laborais e salariais con respecto ás compañeiras e compañeiros de Intercar, regulados polo convenio provincial, xa que levan cos soldos conxelados dende 2020 ao non percibir as subas pactadas no convenio sectorial e non cobrar conceptos como axudas de custo ou antigüidade.

O responsable de Transportes da FGMAT-CIG, Xesús Pastoriza, salienta que a última reforma laboral establece “que os salarios dun convenio de empresa non poden ser inferiores aos do provincial do sector”. Porén, Alsa Ferrol segue escudándose nunha sentenza anterior a esa reforma, ditada a raíz do conflito colectivo presentado contra Maitours, que recoñece que o convenio regulador ten que ser o provincial, pero deixa a materialización deste cambio á súa publicación no BOP.

O convenio non está publicado na súa integridade, mais, apunta Pastoriza, “as táboas salariais si o están, polo que unha vez feita pública a parte económica do convenio tería que facerse efectiva de inmediato a súa aplicación en materia de salarios, antigüidade, dietas e demais para o persoal de Maitours”.

A isto hai que engadirle outros incumprimentos como que Maitours non compensa os festivos traballados (nin en cartos en tempo de descanso); que lle segue aplicando o convenio de Tranvías ao persoal de recente incorporación, o que constitúe “unha clara ilegalidade”; e incumpre sistematicamente o acordo para a realización dos servizos imprevistos.



A pesar do seguimento maioritario da folga e do impacto na prestación do servizo, a empresa mantén unha postura absurdamente inmovilista e négase a negociar un acordo. Na última xuntanza, de apenas media hora, a compañía “limitouse a pedir a desconvocatoria da folga sen achegar ningunha proposta nin garantía de aplicar o convenio sectorial e cumprir co resto de materias”.

## Ampliar o conflito

Diante desta actitude, o persoal continuará pelexando polos seus dereitos e demanda a intervención urxente da Xunta de Galiza, que permanece desaparecida a pesar das súas responsabilidades, para garantir que se cumpra a lexislación laboral e se respecten os dereitos dos traballadores e das traballadoras.

Para máis abundar, coa escusa do inicio do curso escolar, a Xunta publicou un novo decreto de servizos mínimos que incrementa nun 300%

a actividade a realizar. Con esta orde, explica Pastoriza, imponse o funcionamento do 80% dos servizos diarios, impedindo así que a maior parte do cadro de persoal poida exercer o seu dereito fundamental á folga. “En vez de implicarse na busca dunha solución, o que busca a Xunta é rebentar a folga impondo un servizo de máximos”, denuncia. Estes servizos, adianta, serán recorridos na vía xudicial.

Ademais, a CIG reunirá as estruturas comarcais da federación e as delegadas e delegados do sector do transporte de todo o país para analizar a situación do conflito e a súa extensión. Neste senso, avaliarase a posibilidade de convocar mobilizacións e accións de protesta noutras localidades en apoio aos compañeiros e compañeiras de Ferrol e na defensa dunhas condicións dignas nun sector no que os incumprimento dos pregos dos contratos son o pan de cada día.



# O curso comeza con conflictividade: o recorte de dereitos do profesorado consolídase

O curso escolar 2024-25 arrincou con conflictividade ante a consolidación dos recortes de dereitos e a falta de resposta da Consellaría de Educación ás principais demandas do profesorado. A CIG-Ensino convocou unha mobilización de delegados/as nas instalacións de San Caetano coincidindo coa volta ás aulas para denunciar “a propaganda e as mentiras” do “camiño novo” anunciado pola Administración, que “non é máis que o continuísmo das vellas políticas”.

A central sindical critica que a Consellaría comezase o curso “cun desafortado intento de vender como novidosa o que é unha práctica totalmente continuísta no deseño da súa política educativa”. De xeito que “lonxe de encetar un camiño novo, ou unha maior modernización do sistema educativo galego”, todas as novidades que se coñecen dende xullo apuntan na mesma dirección: consolidación dos recortes de dereitos do profesorado, incumprimento dos escasos avances que se daban no acordo asinado coa minoría sindical e mantemento dunha política



de parches para a atención educativa, no canto de fortalecer estruturalmente os cadros de persoal dos centros”.

Todo acompañado cunha “estratexia de confusión” na comunicación que pretende vender creación de postos de traballo ou de unidades con “datos falseados”. Máis o certo é que as principais demandas do profesorado seguen sen atenderse: recuperación do horario lectivo; redución de ratios; eliminación e redución da burocracia; improvisación e falta de negociación na reforma da FP; pacto pola lingua; equiparación salarial e recuperación do pagamento do verán ao persoal subs-

tituto; estabilidade laboral mediante ofertas amplas de vacantes, tanto de concurso de traslados como de prazas de oposicións; e estabilidade para o profesorado interino.

Así mesmo, tal e como se pode comprobar estes días e como denuncian as ANPAS, hai múltiples centros que non viron atendidas as súas demandas, sobre todo de persoal para a atención á diversidade. “Malia isto, nalgúns casos a Administración intenta vender que se trata de contratos novos, cando a maioría son programas financiados con fondos da UE e do Ministerio de Educación”.

## A xustiza pena con cárcere o modelo de relacións laborais de Gadis

O Xulgado do Penal número 4 da Coruña condenou á encargada do Gadis de Melide a 20 meses de prisión como responsábel de catro delitos de acoso laboral e de lesións psíquicas. Xunto a isto deberá afrontar o pago dunha indemnización de 51.000 euros ás vítimas, ademais dos gastos da asistencia sanitaria ás lesionadas e das costas procesuais.

A sentenza penaliza o modelo de dirección e de relacións laborais da empresa de alimentación, xa que o departamento de recursos humanos, qu coñecía os feitos desde 2018, en todo momento defendeu a encargada, “chegando o delegado de área a dicirlles ás vítimas que non lles quedaba outra solución que un traslado ou irse da empresa porque á encargada non

lle ían facer nada, reforzando así a súa autoridade e o estilo de dirección autoritario e violento”, sinalan dende a CIG.

Queda pois probado o acoso continuado exercido pola encargada, defendida e apoiada pola dirección. A xustiza reconece que se dirixía ás traballadoras “de forma sistemática e prolongada no tempo con graves descualificacións, ridiculizando os seus actos e palabras, tanto en presenza doutros compañeiros como dos clientes”.

### Insultos e humillacións públicas

Como quedou demostrado, a encargada referíase ás traballadoras con insultos como “inútil, analfabeta, subnormal perdida, porca, víbora, gilipollas, imbécil, merdas” e expresións do tipo “colle a porta e lárgate; voute canear;

voute matar; eu co teu contrato podo facer o que queira, incluso meterte nunha estantería”. Tamén ameazaba con represalias por utilizar as licenzas de convenio ou acudir ás delegadas da CIG, “todo acompañado de esixencias excesivas no traballo, tanto de carga como de tempos”.

O acoso e as agresións psíquicas afectaron a saúde das traballadoras, permanecendo de baixa e a tratamento durante máis dun ano. A xustiza declarou culpábel á encargada e a Gadisa, como responsábel civil subsidiaria, por non evitar uns actos “graves, hostís e humillantes” que constitúen “maltrato, humillación e vexación sistemática, logrando minar a súa dignidade persoal, e provocándolles ademais unha lesión psíquica”.



# Rexístrase no Parlamento a ILP 'por unha CRTVG ao servizo do pobo'

A plataforma 'Por unha CRTVG ao servizo do pobo', da que fai parte a CIG, vén de rexistrar no Parlamento galego unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) para que, por lei, a radiotelevisión de Galiza cumpra os fins para os que foi creada: promoción e defensa da nosa identidade, da nosa lingua e da nosa cultura; garante do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social e promoción activa da igualdade entre homes e mulleres.

Coa presentación do texto articulado, a Mesa do Parlamento procederá a examinalo e resolverá sobre a súa admisión no prazo dun mes. Unha vez admitida, a Mesa terá que comunicarllo á Xunta Electoral, que garantizará a regularidade do procedemento de recollida de sinaturas –un mínimo de 10.000– pola Comisión Promotora.

A plataforma 'Por unha CRTVG ao servizo do pobo' denuncia que o executivo galego mantén baixo control absoluto os nosos medios públicos, a TVG e a Radio Galega, e que "actuando ao servizo da forza política do goberno, antepón os intereses do PP aos valores de carácter ético e político nos que debe fundamentarse o servizo público, relacionados coas necesidades democráticas, sociais e culturais do noso pobo".



Por iso a plataforma pretende que se preserven os fins para os que os nosos medios públicos foron creados cun "respecto escrupuloso á obxectividade, imparcialidade, neutralidade, veracidade e o pluralismo, erradicando a manipulación e a cancelación de contidos e profesionais".

## Baixo control do PP

A ILP pon especial énfase na programación infantil e xuvenil, propoñendo a creación de canles temáticas, e na preservación do patrimonio documental. Mais tamén na democratización da propia CRTVG, a comezar polo nomeamento tanto do Consello de Administración como do seu direc-

tor ou directora xeral, elixido a dedo polo PP e que se mantén no cargo de forma ilegal desde o ano 2016.

Propónse que o seu nomeamento sexa por concurso público, a proposta dun comité de expertos e aprobado polos dous terzos do Parlamento, por un período de 5 anos e cunha prórroga máxima por un período de idéntica duración.

Preserva tamén que a produción e edición de informativos sexa realizada por profesionais da propia CRTVG, aposta por un Estatuto Profesional e pola creación dun Consello de Informativos que salvagarden a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos.



# GALIZA CON PALESTINA

## MANIFESTACIÓN NACIONAL



DOMINGO 6 DE OUTUBRO ÁS 12H  
NA ALAMEDA DE COMPOSTELA

